



formar intersección




formar intersección

**INTER
SECCIÓN**

III CONTEMPORARY
AUDIOVISUAL
ART
FESTIVAL

28 Oct – 1 Nov 2020
A Coruña



formar intersección

ancla

Galicia. Sesión I

Sucumbindo á desorde

Texto de Sara Donoso

O mundo, en cada unha das súas esferas, foise desprazando cara á definición. Quixéronnos inculcar un estado continuo de alerta no que o repouso e a orde só teñen cabida na catalogación; o compartimentado. É difícil soste-la unha linguaxe sen orde, por outra banda, pero tamén é perentoria a urxencia de certa anarquía no pensar e no facer. Se falamos de arte, esta cuestión engloba a necesidade de desprenderse dalgúns patróns ou clixés estéticos non só desde o propio proceso creativo senón tamén, e sobre todo, desde a crítica, as institucións e as programacións oficiais. Penso, neste sentido, que sempre foron os creadores e creadoras os encargados de desatascar o sistema, de circular en múltiples direccións habilitando a fusión de disciplinas para abrir novas realidades. Tratando de continuar esta dinámica, en INTERSECCIÓN buscamos sinalar o diverso, incidir no cuestionamento para pensar o audiovisual como algo elástico e libre. Nesta selección da sección Galicia, na que contamos con varias estreas mundiais, se hai un criterio que se impón é o da diversidade: de idades, traxectorias, linguaxes e eleccións formais. Atoparemos un tratamento plural das imaxes, ás veces evocador e próximo ao pictórico, abstracto e radical, veremos fórmulas que se integran no terreo do sonoro e o performativo, outras que aplican o atractivo popular do “kitsch” para lanzar mensaxes ácidas ou rexistros documentais onde a palabra e a historia orientan o argumento. É neste punto, no espazo do heteroxéneo, onde comezan a enlazarse algunhas inquedanzas, que teñen que ver coa expansión dunha mirada atenta e diagnóstica capaz de medir a temperatura da nosa contorna social.

Existe, en moitos casos, un interese por expresar o incómodo; por valerse do aparello artístico contemporáneo para cartografiar un devir social que parece sostido nun finxido equilibrio. Desde diversos formatos e dispositivos plásticos, podemos asociar unha selección de pezas onde se acusan os convencionalismos enunciando os procesos de identificación socio-política dun mundo a miúdo catártico. Percíbimolo no traballo de **David Fidalgo Omil**, quen expón en “Reality” (peza que tivo o apoio do programa LAB de INTERSECCIÓN 2019) unha aceda e profunda reflexión sobre o noso comportamento social a través de personaxes vulgares e estereotipados, retratos e diálogos directamente inspirados nos programas de telerrealidade emitidos en España entre os anos 2019 e 2020. No seu universo o pictórico, a animación audiovisual e a ilustración despregan as súas sutilezas mediante unha estética en aparencia naïf que emprega as cores rosa e azul como metáfora do estereotipo binario de xénero. O artista manexa un discurso crítico, que emula as dinámicas dos “massmedia” remarcando un humor absurdo pero punzante que enmascara o reflexo dunha comunidade insolidaria

e superficial. Continuando o xogo dun retrato social contemporáneo infestado de vaidades, **Edu Fernández** compón un novo xénero musical, a “Ópera trap”, que parece porfiar o carácter culto e elevado da ópera aderezándoa con expresións populares enunciadas en “koruño” (linguaxe prototípico xurdido dos barrios da Coruña). Así, perfila un costumismo urbano onde o popular e o tecnolóxico aparecen asediados pola histeria da pandemia nun pretendido exercicio de feísmo visual. Hai tamén un potente compoñente de indagación social e política no traballo de **Alberte Pagán**. Como parte da serie “Superficies”, o artista continúa investigando o comportamento das imaxes ao ser proxectadas sobre superficies non habituais. No caso de “Raíces”, recompila material de arquivo dunha concentración antifascista para mostralo sobre raíces naturais, conformando un palimpsesto infestado de capas e significados. O resultado de combinar o son e imaxes orixinais da manifestación cunha formulación estética xenuína que se articula desde o háptico logra bifurcar a nosa atención en diferentes niveis, xerando un desequilibrio visual que se abre a novas lecturas.

Tamén hai un lugar para a memoria, para a reflexión crítica sobre cuestións que nos afectan de dentro cara fóra, definindo un





Reality - David Fidalgo

transcurso emocional que enmarca finalmente unha postura vital. Estas relacións sintetízanse no traballo de **Judith Adataberna**, mergullado nunha poética intimista para revelar a memoria da súa avoa ao ritmo dos seus propios pasos nunha suxestiva combinación entre palabra e imaxe, figuración e abstracción. Como unha sorte de fusión cósmica, en “Inside Microtubule” a natureza representa o seu poder desde a enerxía aterrecedora da noite, a tormenta de neve e a densidade do ceo. Namentres, o contraste entre o artificial e o natural perde definición para profundar na noción do medo e o abismo a partir da exploración plástica da paisaxe. Do mesmo xeito que Judith Adataberna adhire á súa fascinación pola contorna unha carga emocional e crítica, **Santiago Teijelo** reorienta a atención ás relacións asimétricas manifestadas ao longo da historia entre persoas e animais. Centrado na filmación das aves e o gando, “Plumas en el arcén” conforma unha dicotomía de ecosistemas articulando arquitecturas diversas que buscan repousar nese espazo intermedio que une a acción humana e a adaptabilidade de certas especies a un hábitat “a priori” alleo. Esta interferencia constante de interaccións percíbese con todo inconclusa, nunha convivencia imposta onde o avance tecnolóxico e urbanístico conducen a unha relación desigual. Desde un espazo máis introspectivo, **Olaia Sendón** reflexiona en “Terminator apetrena” sobre a idea de vellez, sobre todos aqueles recordos e asociacións que sosteñen a nosa memoria. Faino mediante unha estratexia antagónica que sitúa a imaxe dun bebé descansando fronte a unha narración que expón as asociacións entre o cheiro e a madurez. Mentres a propia voz da autora lanza o seu discurso desde o inicio, a pantalla vai iluminándose paulatinamente co transcorrer do filme nun desprazamento metafórico que entrelaza a infancia e a vellez.

Outros artistas habilitan desde o audiovisual diversas prácticas fuxidas, que queren dilatarse en disciplinas afíns e reconstruír o seu mecanismo desde o híbrido. Aquí multiplícanse os achados sonoros, plásticos, pictóricos e performativos derivados de diferentes xéneros que recoñecen unha interrelación entre si. Nesta dirección, **Berio Molina** e **Alexandre Cancelo** exploran con “-oito” as vicisitudes do son baseándose nunha investigación de Miguel Prado ao redor da voz, a súa separación e a súa evacuación. Xurdida de diversas sesións de improvisación durante a rodaxe da longametraxe “7 Limbos”, nesta peza superpóñense o acústico e o visual conformando unha atmosfera “claroscurista” e misteriosa, cun pulso minimalista bañado pola experimentación. De maneira paralela, **Diego Santomé** prolonga os límites do pictórico forzando a mirada a unha confrontación entre o mirar e o ocultar na que a

aparición histriónica dun punto negro significase como acto de abstracción radical, trazando un vínculo cos postulados supematistas de Malévich. “Sin título” establece unha análise compositiva da relación figura-fondo que contrasta coa distorsión do son para alcanzar unha relación arritmica entre os tempos. Pola súa parte, **Iria Vázquez** aproxímase en “Tableaux vivant” ao movemento do corpo e o xesto, motivando unha danza lírica expandida interpretada por Olga Cameselle. A percepción inféstase de sutilezas, a cor e o son encadean os seus ritmos ao tránsito dunha luz definida no contraste e o conxunto visual da imaxe engade referencias á abstracción pictórica. Abrazando a poética da paisaxe, **Acacia Ojea** penetra con “La bouche, promèner, non, non, non” nunha viaxe experiencial onde o cotián proclama a súa singularidade e cada xesto fía un esqueleto de tensións, reflexos, movementos ou imaxes distorsionadas que van máis aló da súa representación. Como sensacións fragmentadas, hai unha fuxida da unidireccionalidade narrativa que estimula a contemplación do espazo como xerador de sentidos e acontecementos.

Este percorrido, constituído como o mostrario dunha constelación maior, vaise sumando ás voces de edicións anteriores para continuar sintonizando un escenario en continua metamorfose. Esta edición, máis que ningunha, significase co seu propio termo: unha “intersección” entre o que foi e o que será. É aquí onde nos atopamos, nun contexto de pandemia mundial onde a encrucillada do momento presente simula basearse na intriga ante un futuro incerto. Podemos preguntarnos como serán as próximas edicións e as creacións audiovisuais orixinadas en todo este proceso de revisión social, proxectar nosa propia intención ante todas as súas posibles derivas. Enmarcada neste panorama, Galicia manifesta un ecosistema cultural cuxo maior logro foi sempre a auto-resistencia das súas artistas, a súa capacidade para crear desde o mínimo e aburar a debilidade do sistema con reivindicacións en forma de imaxes. O tecido é de soporte fráxil pero de calidade contundente, polo que é preciso escoitar o seu latexo e continuar impulsando espazos comúns desde os que compartir a creación audiovisual, a vella e a nova, sen etiquetas. Este ano constitúese coma unha ponte, un camiño aberto, probablemente sen complexos e algo temerario, cara a un festival que procuramos soste sen sucumbir á retórica da orde. Porque a converxencia é a desorde; unha miscelánea premeditada que busca reivindicar a nosa riqueza artística e que queremos percorrer sen necesidade de clasificar.

Galicia. Session I

Succumbing to disorder

Text by Sara Donoso

The world, in each of its spheres, has been displaced towards definition. They wanted to instil in us a state of constant alert, in which rest and order only have a place in cataloguing; the compartmentalized. On the other hand, it is difficult to sustain a language without order, but it is also compelling the urgency for certain anarchy in thinking and in doing. If we speak about art, this question includes the necessity of getting rid of some aesthetic patterns or clichés, not only from the creative process itself but also, and maybe most importantly, from the critic, the institutions and the official programs. I think, in this sense, the creators have always been responsible for unblocking the system, for circulating in multiple directions preparing the fusion of disciplines in order to open new realities. Trying to continue with this dynamic at INTERSECCIÓN we seek to point out the divergence, in order to influence the questioning to think about the audiovisual as something elastic and free. For this selection of the section Galicia, in which we count with several world premieres, if there is a criterion that is imposed, it is that of diversity; of ages, trajectories, languages and formal decisions. We will find a diverse treatment of images, sometimes evocative and close to the pictorial, abstract and radical. We will see formulas integrated into the field of sound and the performative, and others that apply the popular attractiveness of kitsch to send acid messages, or documentary records where the word and the history direct the argument. At this point, in the space of heterogeneity, some concerns start to connect that have to do with the expansion of an attentive and diagnostic look, capable of measuring the temperature of our social environment.

There is, in many cases, an interest in expressing the uncomfortable; for making use of the contemporary artistic apparatus to map a social evolution that seems to be sustained in a feigned balance. From various formats and plastic devices, we can associate a selection of pieces where conventions are accused, enunciating the processes of socio-political identification of an often cathartic world. We perceive it in the work of **David Fidalgo Omil**, who exhibits in "Reality" (a result of the LAB program of INTERSECCIÓN 2019) an acid and deep reflection on our social behaviour through vulgar and stereotyped characters, portraits and dialogues directly inspired by the reality TV shows broadcasted in Spain between 2019 and 2020. In his universe, the pictorial, the audiovisual animation and the illustration display their subtleties through aesthetics that appear naïve, using pink and blue as a metaphor for the binary gender stereotype. The artist handles a critical discourse that emulates the dynamics of the mass media, highlighting an absurd but poignant humour that masks the reflection of an unsupportive and superficial community.

Continuing the game of a contemporary social portrait full of vanities, **Edu Fernández** composes a new musical genre, the "Ópera Trap", which seems to insist on the cultured and elevated character of the opera, spicing it up with popular expressions enunciated in Koruño (a prototypical language created on the neighbourhoods of A Coruña). Thus, it outlines urban manners where the popular and the technological are besieged by the hysteria of the pandemic in an alleged exercise of visual ugliness. There is also a strong component of social and political inquiry in **Alberte Pagán's** work. As part of the series "Raíces" ("Surfaces"), the artist continues to investigate the behaviour of images when projected onto unusual surfaces. In the case of "Raíces", he collects archive material from an anti-fascist concentration to show upon natural roots, forming a palimpsest full of layers and meanings. The result of combining the original sound and images of the event with a genuine aesthetic approach that is articulated from the haptic, he manages to bifurcate our attention at different levels, generating a visual destabilization that opens up to new readings.

There is also a place for memory, for critical reflection on issues that affect us from the inside out, defining an emotional course that finally frames a vital position. These relationships are synthesized in the work of **Judith Adataberna**, immersed in intimate poetics to reveal the memory of her grandmother to the rhythm of her own steps in a suggestive combination of word and image, figurative representation, and abstraction. Like a kind of cosmic fusion, in "Inside Microtubule" nature represents its power from the overwhelming energy of the night, the snowstorm and the density of the sky. Meanwhile, the contrast between the artificial and the natural is blurred to delve into the notion of fear and the abyss based on the plastic exploration of the landscape. In the same way that Judith Adataberna attaches an emotional and critical charge to her fascination for the environment, **Santiago Teijelo** redirects attention to the asymmetric relationships manifested throughout history between people and animals. Focused on filming birds and cattle, "Plumas en el arcén" ("Feathers on the Shoulder") conforms a dichotomy of ecosystems articulating diverse architectures that seek to rest in that intermediate space that combines human action and the adaptability of certain species to an "a priori" alien habitat. This constant interference of interactions is perceived, however, unfinished, in an imposed coexistence where technological and urban progress lead to an unequal relationship. From a more introspective space, **Olaia Sendón** reflects in "Terminator apetreña" upon the idea of old age, on all those memories and associations that sustain our memory. She does so through an antagonistic strategy that places the image of a baby resting

in front of a narrative that exposes the associations between smell and maturity. While the author's own voice delivers her speech from the beginning, the screen gradually lights up as the film progresses in a metaphorical shift that intertwines childhood and old age.

Other artists enable from the audiovisual various fugitive practices, which want to expand into related disciplines and rebuild their mechanisms from the hybrid. Here the sound, plastic, pictorial and performative findings derived from different genres that recognize an interrelation between them are multiplied. In this direction, **Berio Molina** and **Alexandre Cancelo** explore with “-oito” the vicissitudes of sound based on Miguel Prado's investigation on voice, its separation, and its evacuation. Arising from various improvisation sessions during the filming of the feature film “7 Limbos”, in this piece the acoustic and the visual overlap, shaping a “chiaroscuro” and mysterious atmosphere, with a minimalist pulse bathed in experimentation. At the same time, **Diego Santomé** extends the limits of the pictorial by forcing the gaze to a confrontation between looking and hiding in which the histrionic appearance of a black point is signified as an act of radical abstraction, tracing a link to the suprematist postulates of Malevich. “Sin título” (“No Title”) establishes a compositional analysis of the figure-ground relationship that contrasts with the disruption of sound to achieve an arrhythmic relationship between the tempos. For her part, **Iria Vázquez** approaches in “Tableaux vivant” the movement of the body and the gesture, motivating an expanded lyrical dance performed by Olga Cameselle. Perception is full of subtleties, colour and sound chain their rhythms to the transit of a light defined in the contrast and the visual set of the image adds references to pictorial abstraction. Embracing the poetics of the landscape, **Acacia Ojea** with “La bouche, promèner, non, non, non” penetrates in an experiential journey where the quotidian proclaims its uniqueness and each gesture threads a skeleton of tensions, reflections, movements or distorted images that go beyond their representation. As fragmented sensations, there is a flight from narrative linearity that stimulates the contemplation of space as a generator of meanings and events.

This tour, constituted as the sample book of a larger constellation, joins the voices of previous editions to continue tuning a scene in constant metamorphosis. This edition, more than any of the previous ones, is meant by its own term: an “intersection” between what was and what will be. This is where we find ourselves, in a context of a global pandemic where the crossroads of the present moment simulates being based on intrigue in the face of an uncertain future. We can ask ourselves what the next editions and audiovisual creations will be like, originated in this entire process of social rethinking, projecting our own intention before all its possible drifts. Framed in this panorama, Galicia manifests a cultural ecosystem whose greatest achievement has always been the self-resistance of its artists, their ability to create from the minimum and press the weakness of the system with claims in the form of images. The fabric is of a fragile support but of a strong quality, so it is necessary to listen to its heartbeat and continue to promote common spaces from which to share audiovisual creation, old and new, without labels. This year is constituted as a bridge, an open path, probably without complexes and somewhat reckless, towards a festival that we try to sustain without succumbing to the rhetoric of order. Because convergence is disorder; a premeditated miscellany that seeks to vindicate our artistic wealth and that we want to travel without out having to categorize.

CALL FOR ENTRIES

DEADLINE > 23 DEC



INDIELISBOA

18TH 29 APRIL
INTERNATIONAL >>>
FILM FESTIVAL 9 MAY 2021

Organisation



Institutional partners



Co-production



David Fidalgo

Reality

vídeo HD | cor | son | 8 min | 2020
HD video | colour | sound | 8 min | 2020



Tomando como punto de partida momentos da actualidade relevante dos anos 2019 e 2020, Reality é unha reflexión crítica e irónica sobre os programas da denominada “telerrealidade”.

Reality is a critical and ironic reflection on shows of “reality TV”. In this way, this project uses today’s relevant moments of 2019 and 2020 as a starting point.



David Fidalgo courtesy

Bio

David Fidalgo Omil nado en Lugo en 1989. Graduado en Belas Artes e mestre en Álbum Ilustrado e Animación pola Universidade de Vigo.

A súa carreira está enfocada na realización de curtametraxes de animación cun carácter moi persoal.

Coa súa último curtametraxe “Homomaquia” conseguiu unha nominación aos premios Goya 2020 na categoría de Mellor Curtametraxe de Animación, ademais de estar presente en moitos festivais, coma o Festival de Málaga onde acaba de recoller a Biznaga de Plata do Premio do Público á Mellor Curtametraxe de Animación.

David Fidalgo Omil was born in Lugo in 1989. Regarding his studies, he is a graduate in Fine Arts and Master in Illustrated Album and Animation by the University of Vigo.

This artist focuses his career on making animated short films that contain a very personal touch.

“Homomaquia” is his latest short film, which achieved a nomination for the Spanish Goya Awards 2020 in the category of Best Animated Short Film. In addition, this artist is present in many festivals, such as the Málaga Film Festival where he has just received the Silver Biznaga of the Audience Award for Best Animated Short Film.

Edu Fernández

Ópera Trap

vídeo HD | cor | son | 3 min | 2020 | premiere mundial
HD video | colour | sound | 3 min | 2020 | world premiere



Edu Fernández crea un novo xénero musical: a ópera trap. Un estilo que combina a técnica refinada do canto lírico e as temáticas costumistas da clase social do trastornariado urbano. O texto é interpretado en koruño, un dialecto híbrido do castelán, o galego e o caló nacido nos anos 80 nos barrios obreiros da Coruña. Un xénero musical ansioxeno que captura a realidade histórica e pornotópica da contemporaneidade pandemial.

Edu Fernández creates a new music genre: trap opera. This music style combines the refined lyrical singing technique and the traditional social class themes of urban disturb. The text is interpreted in “Koruño”, a hybrid dialect between Spanish, Galician and “Caló” which was born during the 1980s in the working-class neighbourhoods of A Coruña. An anxiogenic music genre that captures the hysterical and pornotopic reality of these pandemic times.

Bio

Edu Fernández (Bilbao, 1987) é artista e performer.

É Máster de Arte Contemporánea pola Universidad Europea de Madrid e graduado en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Estudou durante varios anos no estranxeiro en países como Alemaña, Bélxica e Brasil.

O seu traballo artístico céntrase na identidade e a performance.

Séntese moi cómodo utilizando diferentes medios e buscando novos formatos e linguaxes híbridas. A súa obra foi exhibida en museos e galerías, tamén estudiada no entorno académico e na universidade. Gañou numerosos premios e actuou en varias televisións e espectáculos.

Edu Fernández (Bilbao, 1987) is an artist and performer.

He is a Master of Contemporary Art by the European University of Madrid and graduated in Fine Arts by the University of Vigo. Besides, he studied abroad for several years in places such as Germany, Belgium, and Brazil.

This artist focuses his artistic work on identity and performance. Moreover, he feels comfortable using different media such as music and looking for new formats, as well as hybrid languages. His work has been exhibited in museums and galleries and was also studied in the academic world. In addition, he has won numerous awards and has performed several times on TV and other show



Edu Fernández courtesy

Alberte Pagán

Lume

video HD | color | sonido | 6 min | 2018 |
premiere mundial
HD video | colour | sound | 6 min | 2018 |
world premiere



Nova entrega da serie “Superficies” na que unha manifestación antifascista (Compostela, 20 novembro 2007) é proxectada sobre raíces. Son directo. Homenaxe ao militante antifascista de 16 anos Carlos Palomino, asasinado en Madrid uns días antes, o 11 de novembro, por un neonazi.

New episode of the series “Superficies”, in which an antifascist protest (Compostela, 20th November 2007) is projected onto roots. Sync sound. In tribute to the 16-year-old antifascist activist Carlos Palomino, who was murdered by a neonazi in Madrid a few days earlier, on 11th November.



Alberte Pagán - By Claudio Pato

Bio

Alberte Pagán (Galiza, 1965) é escritor e cineasta. Promoveu e divulgou o cine experimental dende 1999, ano da súa exposición e catálogo “Introducción a los clásicos del cine experimental”. Escribiu abundantes textos e libros sobre cineastas experimentais, entre eles Andy Warhol, Peter Kubelka, Iván Zulueta e Eugenio Granell. É autor do poemario “Prosopagnosia” (2013) e da novela “Percorridos por unha teoría do desexo” (2015). Tamén traduciu ao galego os dous primeiros capítulos da novela de James Joyce “Finnegans Wake”.

Como cineastas, su “Bs. As.” (Premio de Cine-Ensayo Román Gubern en 2007) formou parte da primeira fornada de D-Generación, programa comisariado por Josetxo Cerdán e Antonio Weinrichter, e é a longametraxe inaugural do Novo Cinema Galego. A súa película a dobre pantalla “Tanyaradzwa” (2009) gañou o premio ao mellor documental galego no festival Play-Doc. Dous dos seus proxectos, “A Pedra do Lobo” (2010) e “A quem se lhe conte...” (2001), recibiron sendas “subvenciones al talento” por parte de AGADIC. Máis recentemente a súa película “A Fundamental Error” (2016) recibiu unha mención especial por parte do xurado CAMIRA no festival Curtocircuito.

No 2016 foille concedido o Premio de la Crítica de Galiza pola súa carreira cinematográfica

Alberte Pagán (Galiza, 1965) is a curator, writer, and filmmaker. He has been promoting experimental cinema since his 1999 exhibition “Introduction to Experimental Film Classics”. He has written extensively on experimental filmmakers,

such as Andy Warhol, Peter Kubelka, Iván Zulueta and Eugenio Granell. He is the author of the poetry book “Prosopagnosia” (2013) and the novel “Percorridos por unha teoría do desexo” (2015). He has also translated the first two chapters of James Joyce’s “Finnegans Wake” into Galizan.


As a filmmaker, his “Bs. As.” (Román Gubern Film-Essay Award in 2007) was part of the first D-Generation program curated by Antonio Weinrichter and Josetxo Cerdán and is the first feature of the New Galizan Cinema. His double-screen “Tanyaradzwa” (2009) won the Best Galizan Documentary prize in the Play-Doc festival. Two of his projects, “A Pedra do Lobo” (2010) and the two-screen “A quem se lhe conte...” (2011), were awarded the Galizan “Assistance to Talent” Grants. More recently, his film “A Fundamental Error” (2016) received a special mention by the CAMIRA jury at the Curtocircuito Film Festival.

In 2016 he was awarded the Galizan Critics Award in cinema.

Berio Molina e Alexandre Cancelo

-oito

vídeo HD | cor | son | 8 min | 2019 | premiere mundial
HD video | colour | sound | 8 min | 2019 | world premiere



“-oito” é unha peza creada arredor da investigación que Miguel Prado leva realizando sobre a voz, sobre a súa separación, sobre a súa evacuación. “-oito” xurdiu a partir do filme “7 Limbos”, onde o proceso de rodaxe baseouse en moitos casos en sesións de improvisación documental cos artistas que participaron na película. Como no caso de Miguel Prado, estas secuencias colleron unha unidade propia e pasaron a formar parte de pezas illadas. Está gravada en Clifton Rocks Railway (Bristol) unha estación de ferrocarril baixo terra escavada no interior da colina de Avon Gorge que durante a II Guerra Mundial foi empregada como unha emisora de radio secreta. A súa estrutura en pendente crea pequenos anfiteatros onde se acentúan as resonancias dos sons que veñen tanto do exterior coma do interior. A voz sae da boca e vólvese resonancia.

“-oito” is a piece created around the research that Miguel Prado has been conducting about the voice: its separation and its evacuation. “-oito” emerged from the film “7 Limbos”, where the shooting process in many cases was based on documentary improvisation sessions with artists who participated in the film. For instance, the case of Miguel Prado: these sequences acquired their own unity and became part of isolated pieces. This short film is shot on Clifton Rocks Railway (Bristol), an underground railway station dug into Avon Gorge Hill which was used as a secret radio station during World War II. Its sloping structure creates small amphitheatres where the sounds resonances coming from both outside and inside are accentuated. The voice comes out of the mouth and becomes resonance.